



D. Alvaro García Ortiz
Fiscal delegado de Medio Ambiente
Rúa Viña, s/n (Edif. Xulgados) - FONTIÑAS
15707 Santiago de Compostela

ASUNTO: Estudo de Alternativas de Trazado da Vía Ártabra. Tramo Polígono de Cambre - Autovía A6

D. Serafín González Prieto, con DNI 34925654B, en nome e representación da **Sociedade Galega de Historia Natural** con domicilio en Avda. de Vilagarcía nº 2, entreplanta C, 15706-Santiago de Compostela,

COMPARECE E DÍ:

Que por medio do presente escrito presenta DENUNCIA, polos seguintes feitos:

1º. En Setembro del 2004 formalizábase administrativamente o "Plan Sectorial da Rede Viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros Sada e Bergondo" (*). O DOG publicaba a resolución: "Pola que se fai publico o acordo do Consello Da Xunta de Galicia que aproba definitivamente o Plan Sectorial". No acordo de Aprobación Definitiva do Plan Sectorial, tomase a decisión de que sexa o Concello de Cambre quen redacte a proposta de trazado neste tramo.

(*): o Plan Sectorial é aprobado polo Concello da Xunta e é de OBRIGADO cumprimento.

2º. No ano 2005 o "Estudo de Alternativas de Trazado da Vía Ártabra. Tramo Polígono de Cambre - Autovía A6" do Concello de Cambre, analizaba distintos trazados, e rexeitaba unha delas ("*pola súa escasa accesibilidade no enlace coa AP-9, o seu elevado impacto ambiental e a súa peor calidade*"). O Pleno do Concello aproba por unanimidade a alternativa que comportaba a menor afección ambiental, a máis económica e con mellor articulación territorial.

Aínda que este estudo non se pode asimilar ao disposto na lexislación de avaliación ambiental, o "*Proxecto de Trazado e Estudo de Impacto Ambiental da Obra Vía Ártabra, Tramo AC-221 (Polígono de Cambre)-Autopista Ap9-Autovía A6*" (EsIA), o acepta como estudo previo. Así, o EsIA propón a corrección dos impactos, na vez de estar orientada -como demanda a lexislación comunitaria e estatal- a evitalos na redacción do proxecto construtivo.

3º. O 21 de Febreiro do 2008, a Xunta de Galicia aproba un proxecto de trazado similar ao remitido polo Concello de Cambre, pero que non atende a cuestións substanciais (nin ao trazado remitido, nin as propias bases do Plan Sectorial): o trazado é modificado -incrementase nun 22% a lonxitude total do treito aprobado polo Concello de Cambre-, e a Dirección Xeral de Obras Públicas engade ao trazado aprobado parte da Alternativa que fora rexeitada polo "seu elevado impacto ambiental". Así, o trazado engadido afecta elementos estratéxicos do territorio; espazos protexidos, o sistema fluvial, masas arboradas autóctonas, hábitats de interese comunitario, etc... , e a modificación deriva nunha afección crítica sobre un elemento catalogado, expresamente protexido polas Normas Subsidiarias (NNSS) do Concello de Cambre: o humidal de A Gándara.

4º. No Catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cambre, aprobadas en 1994, incluíuse o humidal da Gándara como "Área especialmente húmida", protexidas. O humidal é un elemento estratéxico na ordenación municipal no que "*non se permite ningunha clase de edificación, nin movemento de terras, nin instalacións de ningún tipo, nin apertura de camiños...*". O humidal figura baixo á



xurisdición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, incluídas no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia (Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia).

Sen embargo, no apartado de Hidroloxía da memoria do proxecto dise que *"a implantación do enlace do Polígono Industrial e o trazado do Vial Polígono de Cambre-AP-9, requiren a canalización de dous regatos de menor entidade"*. As modificacións introducidas afectan o Rego de Folgueiras e o Río da Gándara que serán canalizados (440 e 250 metros respectivamente).

Ademais destrúen 5 ha do bosque higrófilo desenvolto sobre as chairas aluviais. Asemade; hábitats de interese comunitario, anfibios protexidos pola lexislación, incluíndo algunhas especies ameazadas vinculadas aos medios húmidos e ao arborado autóctono. A zona destruída atópase dentro da área de distribución potencial da escribenta das canaveiras iberoccidental (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), segundo o Decreto 75/2013 da Xunta de Galicia, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitanica da escribenta das canaveiras.

- 5°. A pesares da especial consideración do humidal (baixo á xurisdición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e, xa que logo, están incluídas no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia), non consta consulta á Consellería de Cultura sobre o elemento catalogado, sendo de aplicación o réxime de protección dos bens inventariados do art. 54 da referida Lei, para evitar a súa desaparición, e necesaria a autorización da Consellería de Cultura para calquera intervención no obxecto da protección. Tampouco no sub-anexo do EsIA, "18.4. Patrimonio Cultural" se fai mención ao referido elemento, nin polo tanto se valoran os impactos do trazado.
- 6°. En canto aos riscos de asolagamento, cómpre ter en conta que a canalización dos ríos (que recollerán ademais as augas pluviais xeradas na infraestrutura), e a eliminación de importantes superficies de bosques higrófilos e zonas asolagables, agravarán os episodios de asolagamento na desembocadura do Río da Gándara (zona asolagable incluída nunha área de risco potencial significativo de inundación). Neste sentido, é fundamental protexer e conservar as ribeiras dos ríos, as chairas de asolagamento e os bosques higrófilos, pois, ademais de moitos outros beneficios hidrolóxicos e ecolóxicos, *"As zonas asolagables, coma as chairas de inundación, laminan as ondas de enchente, polo que son beneficiosas para os tramos augas abaixo das mesmas"*, como recoñecía expresamente o PHGC (Plan Hidrolóxico Galicia Costa).
- 7°. Non se analizaron axeitadamente as afeccións á conectividade ecolóxica. En Cambre está delimitado un espazo natural protexido, a "Zona Especial de Conservación (ZEC) ES 1110004 Encoro de Abegondo-Cecebre", inserida na Rede Natura 2000 de Galicia, (tamén declarada Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e integrada na Rede Galega de Espazos Protexidos). O Encoro de Cecebre é tamén área prioritaria de reprodución, alimentación, dispersión e concentración de aves, e constitúe unha Área Estratéxica de Conservación.

A zona afectada atópase dentro do territorio da Reserva da Biosfera de Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e o humidal da Gándara forma parte da "zona tampón" desta Reserva xa que desempeña unha función de conservación da diversidade biolóxica e antropolóxica, e serve para o intercambio xenético entre as especies nos seus desprazamentos polo territorio. É función das administracións velar pola preservación dos valores da zonas núcleo e tampón nas Reservas da Biosfera que declara a UNESCO.

O corredor ecolóxico do sistema fluvial do Río da Gándara veríase afectado dun xeito crítico. A desaparición parcial dos corredores fluviais do Río da Gándara e do Rego das Folgueiras non será paliada cos pasos de fauna, como establecen as medidas correctoras deseñadas no EsIA e recollidas na DIA, construídos baixo dunha vía, que sepultan e condicionan a funcionalidade do corredor. É un paradoxo a condición C1 punto 3 da DIA, que establece *"3. Para evitar a fragmentación dos hábitats realizaranse pasos de fauna nos puntos que funcionen como corredores ecolóxicos, como son os cursos fluviais e as drenaxes transversais, entre outros"*.



- 8º. Mentres os impactos ambientais causados polo trazado orixinal son valorados no EsIA en distintas variables como severos, algún dos significativos efectos negativos do trazado engadido sobre a alternativa aprobada polo Concello de Cambre son valorados como moderados (destrución de ecosistemas fluviais, humidais e bosques autóctonos, impactos na especies de fauna protexida), e incluso como compatibles (afeccións a hábitats de interese comunitario, incluíndo prioritarios e a unha zona húmida protexida polo planeamento vixente no Concello de Cambre).

Outros impactos ambientais derivados do trazado engadido non foron avaliados por seren obviados (afeccións ao humidal inventariado 1110042 "Ría do Burgo", e incremento do risco de inundación na desembocadura do Río da Gándara). En definitiva, as modificacións introducidas non se poden considerar menores, e os impactos ambientais derivados do proxecto de trazado, teñen imposible corrección.

Malia as incidencias referidas, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia, estimou ambientalmente viable o proxecto, sen entrar a analizar a relevancia ambiental das modificacións efectuadas na realización do proxecto de trazado e a súa incoherencia co disposto na lexislación ambiental.

De feito a DIA, no apartado "C. Condicións específicas. C.1. Fase previa á redacción do proxecto construtivo", establece diversas condicións para evitar e corrixir diferentes impactos orixinados polo proxecto nas especies ameazadas e nos hábitats de interese comunitario (malia manifestarse na descrición do medio contida na DIA "Non se atopan espazos naturais nin hábitats afectados directamente polas alternativas").

Polas resposta da consellería de Medio Ambiente a os requirimentos de explicación por parte da oficina do Valedor do Pobo, trala aceptación dunha solicitude de amparo, sabemos que existe un grave defecto na tramitación do estudo QUE DEBE CONDUCIR Á NULIDADE DO PROCEDIMENTO: A Consellería informa que a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental notificou á Axencia de Infraestruturas que o Proxecto sometido a avaliación non estaba incluído en ningún dos supostos contemplados no artigo 7 da lei 21/2013 de 9 de decembro nin nos supostos da lei 9/2013 de 19 de decembro. Baixo esta consideración, o proxecto non tería que someterse a unha Avaliación de Impacto Ambiental ordinaria.

Sen embargo, o Proxecto construtivo vía Ártabra tramo N-VI- AP9-AC/04156.01.41, no apartado de Descrición Xeral, páxina 2, di: "El tipo de vía que se proyectará en este tramo de la Vía Artabra es **autovia**, con dos calzadas separadas por medianera de ancho variable y dos carriles por calzada de 3,50 m de ancho cada uno...". O artigo 7, da lei 21/2013, "Ámbito de aplicación de la Evaluación de Impacto Ambiental"; di: "Serán objeto de la evaluación de impacto ambiental ordinaria los siguientes proyectos: "a) Los comprendidos en el anexo I, ..." . No anexo I, Grupo 6 "Proyectos de infraestructuras" Dí: "a) carreteras. 1º.- construcción de Autopistas y **Autovías**. 2º.- construcción de una nueva carretera de cuatro carriles o más"

Polo tanto non cabe dúbida de que o proxecto construtivo tramitado debe someterse a unha Avaliación de Impacto Ambiental ordinaria, prevista no artigo 7 da lei 21/2013. A día de hoxe, o proxecto non inclúe un "Estudio de Impacto Ambiental ordinario".

- 9º. O sistema fluvial do Río da Gándara acubilla hábitats de interese comunitario, incluíndo o prioritario 91E0* "Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)" segundo se desprende da información asociada á tesela 7210 do INH (Inventario Nacional de Hábitats Terrestres-2005), e especies de fauna protexidas e especies incluídas no Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia, tal e como mesmo o EsIA e a DIA explicitamente recoñecen.

A Rede Fluvial do Río Gándara pasou a formar parte dos primeiros borradores dos estudos de Infraestruturas Verde da área da Coruña, levados a cabo con grande protagonismo da Consellería de Medio Ambiente no 2018-19 (Instituto de Estudos do Territorio) xunto coa Fundación Juana de Vega e o persoal da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, e que contan con



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://www.sghn.org e-mail:sghn@sghn.org CIF: G-15037211

4/4

financiamento de fondos FEDER da Unión Europea, especialmente activa na promoción de políticas de desenvolvemento económico respectuosas co patrimonio natural.

A pesares da importancia e recoñecemento do humidal da Gándara, a planificación sectorial das infraestruturas viarias afectaría a amplas superficies da zona, e tal e como están concibidos os trazados, orixinarían un impacto inaceptable cunha severa afección territorial e un enorme impacto ambiental en elementos estratéxicos do territorio de Cambre.

Polo exposto en tódolos puntos anteriores entendemos que o Director do Proxecto / Xefe de Planificación na Axencia Galega de Infraestruturas (Sr. Carlos Lefer), Director da Axencia Galega de Infraestruturas, o Director Xeral de Mobilidade, o Secretario Xeral Técnico da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, así como a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, a Directora Xeral de Patrimonio Natural, e a Conselleira de Medio Ambiente, son máximos responsables da actuación, así como o resto de autoridades e empregados públicos que cooperaron ou induciron á participaron na actuación, e aquelas outras que dalgún xeito tiveron unha intervención necesaria para a súa aprobación, puideran incorrer nalgún dos seguintes delitos:

- Delito tipificado no artigo 325 do Código Penal, que establece «Será castigado con las penas de prisión de dos a cinco años, multa de ocho a veinticuatro meses e inhabilitación especial para profesión u oficio por tiempo de uno a tres años el que, contraviniendo las leyes u otras disposiciones de carácter general protectoras del medio ambiente, provoque o realice directa o indirectamente emisiones, vertidos, radiaciones, extracciones o excavaciones, aterramientos, ruidos, vibraciones, inyecciones o depósitos, en la atmósfera, el suelo, el subsuelo o las aguas terrestres, subterráneas o marítimas, incluido el alta mar, con incidencia incluso en los espacios transfronterizos, así como las captaciones de aguas que puedan perjudicar gravemente el equilibrio de los sistemas naturales. Si el riesgo de grave perjuicio fuese para la salud de las personas, la pena de prisión se impondrá en su mitad superior».
- Delito tipificado no artigo 404 do Código Penal, que establece: «A la autoridad o funcionario público que, a sabiendas de su injusticia, dictare una resolución arbitraria en un asunto administrativo se le castigará con la pena de inhabilitación especial para empleo o cargo público por tiempo de siete a diez años».

Solicítase que por esa Fiscalía ou pola que legalmente corresponda, se investigue a posible existencia de responsabilidade penal polos feitos denunciados, e a paralización das obras amparadas no proxecto denunciado.

En Santiago de Compostela a 1 de agosto de 2019

Serafín González Prieto

Presidente de SGHN